MEMORIA ECONÓMICA-FINANCEIRA
PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DO CES GALICIA

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: vnMOJTltqBp7 https://sede.xunta.gal/cve

MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DO CES GALICIA

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, fundamentada nos criterios de eficacia que inspiran a actuación e a organización administrativa.

O artigo 41.2.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esixe no procedemento de elaboración de disposicións regulamentarias, unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, de ser o caso, a súa forma de financiamento. Así mesmo, a Orde da Consellería de Facenda, do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira, nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións, establece unha metodoloxía propia para a elaboración das memorias económico-financeiras.

A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos e determinación das retribucións complementarias.

A vixente relación de postos de traballo do Consello Económico e Social de Galicia (CES Galicia), foi aprobada polo Pleno na súa sesión 1-18 do 30 de xullo de 2018. Ademais, no cadro de persoal do CES Galicia figuran 10 (10) postos (persoal propio da entidade).

Tendo en conta o anterior, e tomando como referencia o artigo 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, que establece no seu punto 1, que a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución formación, promoción profesional e mobilidade, propóñense as seguintes modificacións na RPT do CES Galicia.

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN:
1. Creación de postos.

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as modificacións propostas, que supoñen a creación de dous postos para atender axeitadamente ás necesidades actuais do Consello Económico e Social de Galicia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: vnMOJTItqBp7 https://sede.xunta.gal/cve

O 17 de febreiro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 8 de febreiro de 2023 pola que se regula o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 5.2 da Orde do 8 de febreiro de 2023, o 30 de xuño de 2023, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública remitiu á Dirección Xeral da Función Pública o informe proposta de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia que exercitou a opción de integración.

O 11 de decembro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 27 de novembro de 2023 pola que se resolve o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia. Na citada Orde sinálase que a integración suporá a novación da relación contractual e comportará a formalización dun contrato de traballo como persoal laboral fixo da Administración xeral da Xunta de Galicia, debendo tomar posesión e proceder a extensión da correspondente dilixencia de integración.

O 26 de xullo do 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e do corpo facultativo superior de Administración especial, subgrupo A1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 243, do 26 de decembro), na que se acorda publicar a relación de persoas aspirantes que superaron, para cada categoría, o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e do corpo facultativo superior de Administración especial, subgrupo A1, e propoñer o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira. Na relación de aspirantes figuran dous traballadores que prestan servizo no CES Galicia e que ocupan dous postos de persoal laboral que é preciso transformar en postos de persoal funcionario.

A repercusión económico-financeira para facer fronte ás creacións propostas estímase nun custo total de 0 €, por canto trátase de transformar dous postos de persoal laboral xa existentes e orzamentadas no orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025, no seu anexo de persoal ((sección 10, servizo B1, programa 611A) orzamentadas de acordo coas retribucións recollidas no V convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia para o persoal laboral do grupo I, que contan cun complemento persoal transitorio (CPT) ao que se refire a instrucción oitava.16 da ORDE do 17 de xaneiro de 2025 pola que se ditan as instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2025 (DOG nº 13 do 21 de xaneiro)) coas correspondentes en persoal funcionario, mantendo as mesmas retribucións (a funcionarización non implica suba retributiva algunha ou diminución retributiva polo que terán un complemento de funcionarización (CF)) en base ao establecido na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: vnMOJTItqBp7 https://sede.xunta.gal/cve

orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, segundo o seguinte detalle:

1.- Creación de postos.

Crearanse dous postos de persoal funcionario A1, xefatura de sección, con complemento de destino (CD) 25 e con complemento específico (CE) 25:

TP	**Denominación**	**GR**	**NIV**	**Soldo (12 pagas)**	**CD (14 pagas)**	**CE (25) (14 pagas)**	**Paga extra (soldo xuño+decembro)**	**Total con IPC**	**CF.**	**Total retrib.**
F	Xefatura de sección	A1	25	16.000,8	10.427,06	14.157,78	1.645,66	42.391,10	6.544,89	48.935,99
F	Xefatura de sección	A1	25	16.000,8	10.427,06	14.157,78	1.645,66	42.391,10	6.544,89	48.935,99
TOTAL										**97.871,98**

Contías segundo o recollido na ORDE do 17 de xaneiro de 2025 pola que se ditan as instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2025 (DOG nº 13 do 21 de xaneiro) actualizadas.

2.- Postos que se transforman.

De acordo co recollido no anexo de persoal dos orzamentos da Comunidade autónoma de Galicia para o 2025 (sección 10, servizo B1, programa 611A) actualizado:

TP	**Liña**	**Denominación**	**GR**	**Total retr.**	**CPT.**	**Total**
L	5791	Grupo I-CAT 4	1	34.529,64		34.529,64
	5792				14.406,35	14.406,35
L	5791	Grupo I-CAT 4	1	34.529,64		34.529,64
	5792				14.406,35	14.406,35
TOTAL						**97.871,98**

O custe que supón a creación dos citados postos está orzamentado nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025 do xeito recollido no cadro anterior como persoal laboral do grupo I, que contan cun complemento persoal transitorio (CPT) ao que se refire a instrucción oitava.16 da ORDE do 17 de xaneiro de 2025 pola que se ditan as instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2025 (DOG nº 13 do 21 de xaneiro).

En resumo, esta é a relación de prazas a crear (2), para dar resposta ás necesidades actuais Consello Económico e Social de Galicia:

Nº	CREACIÓN
1	Xefatura de sección

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: vnMOJTItqBp7 https://sede.xunta.gal/cve

2	Xefatura de sección

Santiago de Compostela na data da sinatura dixital
O Secretario Xeral
Manuel Martínez Varela

Asinado por: MARTINEZ VARELA, MANUEL
Cargo: Secretario xeral do CES-Galicia
Data e hora: 04/11/2025 11:12:46

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: vnMOJTItqBp7 https://sede.xunta.gal/cve